

Noite de

San Xoan

A noite de San Xoan sempre foi unha noite meiga, na que o lume purificador e vida xerada pola luz dese día tan longo, garda na memoria recordos para todos.

Con ese motivo, a Rede Museística de Vigo, vaise implicar nunha

proposta creativa común, que defina o que no futuro deberá ser un referente da actividade museística na cidade.

Serán actividades ata a noitiña, que rematarán para disfrutar da festa e das fogueiras de San Xoan.

Vexamos polo miúdo a proposta



MUSEO “QUIÑONES DE LEÓN”

“Noite de San Xoan no museo”

Inicio ás 21,45 hs, con remate ás 23 hs. Para o mundo asociativo da cidade, difusores da actividade do museo. Será unha actividade lúdica, mixturando tradición, didáctica e misterio.

A actividade é organizada polo museo.

MUSEO VERBUM “CASA DAS PALABRAS”

“Xogando coas palabras na noite de San Xoan”

Mixturando a través dun xogo que implica a palabra, para un grupo de non máis de 30 persoas, que deberán inscribirse previamente e sen limitar as idades, acometerase a difusión desta tradición tan nosa. Así mesmo, nesa tarde, inaugúrase unha exposición audiovisual de Secuencia 0 sobre as herbas de San Xoan,

A actividade é organizada por Normalización lingüística e o museo Verbum, e desenvolverase entre as 22 hs, con remate ás 23 hs.

MUSEO DO MAR

“Memoria en San Xoan”

Acollerá unha actividade a desenvolverse arredor das 20

hs, no solpor, consistente na escoita das verbas de tres persoeros da cidade que contarán como era o San Xoan no pasado. Así, Juan Otero “Eiravella”, María do Carne Krückenberg, e Alberto Pacheco, contarán como viviron este día e esta noite en tempos. Será a visión dende a Materia, a Luz, a Palabra, e a Memoria.

A actividade é organizada polo concello de Vigo e o museo.

MUSEO MARCO

“Contos de San Xoan”

Será unha actividade de contacontos, organizada polo CAT coa participación do museo, utilizando o auditorio do MARCO que tenta mixturar o valor do museo na súa contemporaneidade artística, coa tradición a través da palabra e o lúdico

Aberto ó público en xeral, ata cubrir aforo. Desenvolverase ás 22 hs, con remate ás 23 hs.

MUSEO LISTE

“Mitos en San Xoan”

O museo, na súa liña de divulgación do relacionado coa etnografía, e en colaboración coa asociación xuvenil Ippon, desenvolverá unha actividade centrada na data de San Xoan e co lume e os seres fantásticos como fio conductor, desenvolverá unha actividade aberta ó público en xeral